

Inauguración do Ciclo de Literatura Infantil e Xuvenil. “Música e Poesía dende a primeira infancia”

21 Noticias

03/10/2016

O vindeiro mércores 5 de outubro comeza en Ourense o Ciclo de Literatura Infantil e Xuvenil. Música e Poesía dende a primeira infancia

A sesión inaugural terá lugar ás 17.00 na Sala multiusos Emilia Pardo Bazán do [Edificio Facultades](#) do Campus As Lagoas (Ourense), coa presenza de:

- D. Valentín García, Secretario xeral de Política Lingüística
- Vicerreitor do Campus de Ourense, Virxilio Rodríguez
- Decana da Facultade de Ciencias da Educación, Mar García Señorán
- Isabel Mociño e Susa Herrera, profesoras da Facultade de Ciencias da Educación e coordinadoras do ciclo
- Cesáreo Sánchez Iglesias, presidente da AELG

A inscrición é gratuíta e para obter diploma de asistencia é necesaria a inscrición en imocino@uvigo.es

Todas as sesións comezan ás 17.00 na Sala multiusos Emilia Pardo Bazán do [Edificio Facultades](#) do Campus As Lagoas (Ourense):

5 outubro | Montse Rivera | A tradición oral nas aulas
Recollida da transmisión oral e versión musical

11 outubro | [Antonio García Teijeiro](#) | A poesía e a música nas aulas: unha necesidade e un reto
Creación poética de autor: a importancia da poesía nas aulas

Ciclo de literatura infantil e xuvenil

“Música e poesía dende a primeira infancia”

Outubro e novembro de 2016

Sala multiusos Emilia Pardo Bazán. Edificio Facultades

Coordinación:

Isabel Mociño e Susa Herrera

Hora:

todas as sesións comezan ás 17:00 h.

Inscripción (de balde):

para diploma de asistencia
imocino@uvigo.es

Data

Convidada/o

Título

05/10/2016

Inauguración.
Montse Rivera

A tradición oral nas aulas

11/10/2016

Antonio García Teijeiro

A poesía e a música nas aulas: unha necesidade e un reto

19/10/2016

Uxía Domínguez Senlle

A música, universo suxestivo para a infancia

26/10/2016

Elvira Riveiro Tobío

A poesía que queremos

02/11/2016

Fran Alonso

Poesía: a música da vida

09/11/2016

Susa Herrera

Músicas agochadas

Clausura

Universidade de Vigo



Campus de Ourense



Facultade de
Ciencias da Educación

19 outubro | Uxía Domínguez Senlle | A música, universo suxestivo para a infancia
A música e os proxectos poético-musicais para a infancia

26 outubro | **Elvira Riveiro Tobío** | A poesía que queremos
A experimentación poética para a infancia e adolescencia

2 novembro | **Fran Alonso** | Poesía, a música da vida
A experimentación poético-musical ao redor da lírica

9 novembro | **Susa Herrera** | Músicas agochadas
Música e poesía para a infancia, a súa importancia para futuros docentes de infantil e primaria.

□

Obxectivos do Ciclo:

- Continuar co **Ciclo de Literatura Infantil e Xuvenil iniciado en outubro de 2015** na Facultade de Ciencias da Educación (Ourense), que tivo unha media de asistencia a cada sesión de 100 persoas.
- Dar a coñecer estratexias, recursos e ferramentas para achegar a poesía e a música á infancia e adolescencia.
- Divulgar experiencias e producións de Literatura Infantil e Xuvenil galega da man das propias creadoras (autoras, ilustradoras), aspecto fundamental entre futuro profesorado da Educación Infantil e Primaria.
- Reforzar as carencias dos currículos académicos en materias específicas para o traballo coa poesía e a música na etapa da Educación Infantil e Primaria.
- Desenvolver coloquios/conversas coas creadoras participantes (autoras textuais, da ilustración, da música que acompaña os libros infantís...) para contrastar as liñas de creación das persoas participantes coa percepción que se ten da súa produción.
- Tomar conciencia entre o alumnado, mediadores e público en xeral da importancia de coñecer a literatura para os máis novos/as, saber recomendar as obras de calidade e sobre todo aquelas que promovan valores en positivo, entre eles a educación estética e musical.
- Visibilizar a poesía e a música para a infancia e adolescencia, incidindo en criterios de selección coherentes e acordes ao coñecemento da evolución histórica destas producións.
- Valorar o papel do profesorado e a escola como axentes dinamizadores, programadores e normalizadores culturais.

Toda a información relativa a esta actividade pode ser consultada na web da AELG